

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 9 DE XANEIRO DE 2017.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa (PP)

Concelleiros:

D^a Ana María Abad López (PP)

D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro (PP)

D. Manuel Angel Meitín Rouco (PP)

D^a M^a Rosario Balseiro López (PP)

D^a Cristina Iglesias Guerreiro (PP)

D. José Manuel Balseiro Canoura (PP)

D. Marco López López (BNG)

D. José Manuel López Hermida (BNG)

D^a.M^a Luísa Pernas Quelle (BNG)

D. Carlos Fernández Louzao(BNG)

Secretario:

D. Luís M. Fernández del Olmo

Intervención:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día nove de xaneiro de dous mil dezasete, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión extraordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 1/2017 DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2016, PRORROGADO PARA 2017 POR IMPORTE DE 85.000 € APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Aberta a sesión, polo Sr. Alcalde explícanse os aspectos máis salientables do expediente do epígrafe reflectidos na memoria obrante no expediente que a seguir se transcribe íntegramente:

MEMORIA XUSTIFICATIVA E PROPOSTA DE ALCALDÍA

JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde-Presidente do Concello de Xove,

No desenvolvemento e execución do Orzamento Municipal de gasto corrente e de capital, obsérvase a insuficiencia de crédito para a realización dos seguintes gastos:

- *Convocatoria das axudas ao abeiro do Plan de Emprego*
- *Convocatoria das bolsas e axudas ao estudo 2017-2018*

De conformidade coas disposicións vixentes, cando deba realizarse algún gasto para o que non exista crédito no Orzamento vixente ou sexan insuficientes as dotacións previstas, a Corporación poderá acordar a concesión de crédito extraordinario no primeiro dos casos, ou de suplemento de crédito para o segundo dos supostos. Dita modificación poderá atenderse, entre outros medios de financiación, co Remanente de Tesourería para Gastos Xerais derivado da Liquidación do exercicio anterior.

O Orzamento para o exercicio 2017 figura en fase de exposición ao público co que actualmente rexe o orzamento prorrogado de 2016. Por outro lado, a Liquidación do exercicio 2016 aínda non está aprobada. Non obstante, e de acordo coas previsións de peche ao cuarto trimestre de 2016, prevese un Remanente Líquido de Tesourería de 5.572.049,70 euros, contía máis que suficiente para acadar o financiamento necesario para a aprobación do presente expediente. Cabe sinalar igualmente, que consonte as previsións de peche do exercicio 2016 a esta data acadaríase unha capacidade de financiamento ascendente a 684.300,18 euros, contía igualmente suficiente para tramitar o expediente de modificación de créditos 1/2017.

A modificación que se propón refírese aos seguintes gastos e fundaméntase o seu carácter inaplazable nos seguintes argumentos:

- Imposibilidade de aprobar durante o exercicio de 2016 a concesión de axudas e bolsas ao estudo para o curso 2016-2017 aínda cando a convocatoria resulta aprobada. O crédito previsto no orzamento de 2017 resultará necesario para, no seu caso, aprobar a convocatoria das axudas para o curso 2017-2018.
- Insuficiente crédito existente tanto no orzamento prorrogado de 2016 como no Orzamento de 2017 para a convocatoria das axudas ao abeiro do Plan de Emprego Municipal. Á data de elaboración do Orzamento para 2017 non se dispoñía dos datos suficientes para realizar unha correcta estimación das previsións para 2017.

Partida	Denominación	Consign. Inic. + aumentos anteriores por proxecto	Aumento	Consignac. Final	Finalidade
241.470	Fomento do emprego. Axudas para fomento do emprego	70.000,00	40.000,00	80.000,00	Axudas Plan de Emprego 2017
326.481	Servizos complementarios de educación. Premios e bolsas	45.000,00	45.000,00	85.000,00	Axudas e bolsas ao estudo curso 2016-2017
TOTAL			85.000,00		

O presente expediente finánciase con Remanente Líquido de Tesourería deducido da previsión de Liquidación do exercicio 2.016 a 30 de decembro de 2016.

En base a esta memoria xustificativa, esta Alcaldía estima procedente tramitar o correspondente expediente de Suplemento por importe de 80.000,00 euros nas partidas que corresponde, cuxos recursos se nutrirán con Remanente Líquido de Tesourería e somete á consideración do Concello Pleno a aprobación inicial do expediente nº 1/2017 de Modificación de Créditos por importe total de OITENTA E CINCO MIL EUROS (85.000,00 €)

Enterado, o concello Pleno por unanimidade dos seus membros, acorda aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 1/2017 do Orzamento Municipal de de 2016 prorrogado para o exercicio de 2017 por importe de 85.000,00 € reflectido na proposta de Alcaldía anteriormente transcrita; e sometelo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 15 días mediante anuncio a insertar no taboleiro municipal de anuncios e a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sinalándose expresamente que no suposto da non presentación de alegacións ou reclamacións no citado prazo, o presente acordo entenderase automaticamente elevado a definitivo.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as dezanove horas e quince minutos da data indicada no encabezamento, levantase a sesión, estendéndose a acta presente de todo o tratado do que eu Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo.: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo.: Luís María Fernández del Olmo